

CCR/Ra/Ms/Ca



Data Rexistro: 12/01/2026 17:09:42
Nº Rexistro: 2026000025



MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 26 de decembro de 2025, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado Don Javier Iglesias Mougán:

18.8569.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- Ten a palabra o deputado socialista Javier Iglesias Mougán, para formular un rogo ou pregunta.

Sr. Iglesias Mougán.- Gracias, presidente. É unha pregunta, a pregunta é se pode explicar ao Goberno provincial cal é a alternativa que propón ao Plan Revitaliza, que deixou de estar operativo desde o pasado mes de novembro deste ano e foi un modelo de xestión de residuos en toda España durante os mandatos anteriores para garantir que os concellos, especialmente os máis pequenos, poidan seguir cumprindo os obxectivos ambientais sen ter que asumir en solitario os custos de cargas que antes cubría a Deputación. Gracias.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Javier Iglesias Mougán.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno) (por correo electrónico).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada polo deputado do Grupo Provincial PSdeG-PSOE, Don Javier Iglesias Mougán, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de decembro de 2025:

PREGUNTA:

A pregunta é se pode explicar ao Goberno provincial cal é a alternativa que propón ao Plan Revitaliza, que deixou de estar operativo desde o pasado mes de novembro deste ano e foi un modelo de xestión de residuos en toda España durante os mandatos anteriores para garantir que os concellos, especialmente os máis pequenos, poidan seguir cumprindo os obxectivos ambientais sen ter que asumir en solitario os custos de cargas que antes cubría a Deputación. Gracias.

RESPOSTA:

Os datos do Plan Revitaliza son obxectivos e significativos. Entre 2016 e 2023, o programa contou cun crédito final de 19,49 millóns de euros, dos que o goberno anterior só executou 10,86 millóns, quedando sen executar máis de 8,6 millóns de euros, o que supón o 44,27 % do orzamento dispoñible. Esta baixa execución, especialmente acusada nos últimos exercicios —30,74 % en 2021, 38,33 % en 2022 e 23,39 % en 2023—, evidencia unha xestión deficiente e unha ausencia de planificación realista.

Cómpre subliñar, ademais, que o propio goberno anterior —do que formaba parte o grupo político ao que pertence— xa asumía expresamente que o programa non tiña carácter indefinido nin estaba chamado a substituír de forma permanente as competencias municipais en materia de xestión de residuos, senón que se concibiu como un instrumento provisional, pensado para facilitar a transición cara a un modelo propio de compostaxe local por parte dos concellos. Pretender agora o contrario supón descoñecer o deseño orixinal do programa e a súa propia práctica de goberno.

De acordo coa lexislación vixente en materia de residuos e coa normativa de réxime local, a competencia na prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos urbanos —incluída a xestión dos biorresiduos e o mantemento dos centros de compostaxe— correspóndelle aos concellos. A función da Deputación, tal e como a planificou o goberno anterior, foi a de ofrecer apoio técnico e económico inicial, co obxectivo de impulsar a implantación e consolidación do modelo, non a de asumir de maneira permanente un servizo municipal alleo ás súas competencias.

Esa necesaria corresponsabilidade municipal non foi nin correctamente trasladada nin suficientemente fomentada polo anterior goberno provincial, que optou por manter un modelo dependente sen explicar nin preparar aos concellos para a asunción progresiva das súas propias competencias, xerando unha dependencia dun modelo insostible a



medio prazo. Nese contexto debe situarse o servizo de mantemento dos centros de compostaxe, que foi ampliado mediante prórroga por unha decisión deste goberno por dous anos, ata novembro de 2025. Durante este tempo, trasladouse aos concellos participantes a necesidade de planificar a asunción progresiva das tarefas por parte do persoal municipal, en coherencia coa natureza transitoria do programa.

Neste marco inscríbese a reorganización do servizo provincial de residuos, que pon no centro aos concellos da provincia e abre múltiples liñas de colaboración técnica e xurídica: supervisión das actuacións efectuadas polos vixilantes de residuos, colaboración no deseño e elaboración dos programas de prevención de residuos, colaboración e asesoramente na adaptación dos puntos limpos dos Concellos á normativa vixente, elaboración de protocolos mínimos de actuacións a realizar nos centros de compostaxe comunitaria, asesoramento para o deseño da implantación da recollida separada dos biorresiduos, control dos centros de compostaxe comunitaria e dos composteiros individuais, apoio na elaboración e validación de pregos de contratación, participación en mesas de contratación e comités de expertos, emisión de informes técnicos, supervisión de encomendas de xestión, creación de plataformas de datos, apoio na elaboración de programas de prevención de residuos, formación de persoal especializado, captación de fondos autonómicos, estatais e europeos, así como accións de formación, divulgación e apoio á implantación da recollida separada dos biorresiduos, entre outros.

O actual goberno provincial aposta por un modelo máis realista, cooperativo e eficaz, baseado na asistencia técnica permanente aos concellos e na mellora da execución dos recursos públicos, fronte a un sistema que, como reflicten os datos, presentaba importantes dificultades para executar o orzamento dispoñible.

Asinado dixitalmente.

